

# A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» na Galiza e nas colonias  
d'América e Portugal

ANO MCMXXI



## SUMARIO

*A III Asambleia nacionalista galega en Vigo. Concurrentes, adhesións, e concrusións.—Do cosmopolitismo, do univesalismo e da mansedume galega, por A. Vilar Ponte.—Escolante modelo.—Un consello, por Banet Fontenla.—Peneirando.—Aos equipos galegos de Foot-ball*

**PREZOS DE SUSCRIZON:** Na Cruña, ô mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 ptas. América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adiantados

**Redaición e Administración:** Praza María Pita, 17, baixos, CRUÑA

Lea vostede,

# NOS

Bolelin mensual da cultura galega. Orgao da sociedade galega de publicaci3n «N3s»

DIREITOR: Vicente Risco

**Edítase en Ourense**

Redaici3n e Administraci3n: Padre Feij3o, 12

## Abonamento

Doce n3meros, na Penínsua . . . . . 6 ptas.  
 » » Fora . . . . . 15 »  
 N3mero solto . . . . . 0'60 na Penínsua  
 1'50 fora

### EFFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer y Compañía-Sucesores  
**F. BERTRAN E MIRAMBELL**

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

### Gran H. Universal

Rua da Reina (da Raiña) 21 - LUGO

O mais novo e millor

Ten carto de baño moderno. Disp3n de tel3fono (n3m. 116) e de coche da casa para todol-os trens.

Gran H. UNIVERSAL merece ser visitado

### Leutores:

Quen queira ter un traxe bo, xeitoso e que lle coste pouco diñeiro, que o faga na Xastrería de

Xosé Varela da Costa

Rúa do Circo, 16-VIGO

### LA SALUD

CASA DE BAÑOS  
 A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

### FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A millor surtida da Cruña e un dos establecimentos da súa crase que mais honran a Galicia. Montada con arreglo os derradeiros adiantos.

# Lloyd Real Holand3s

ANSTERDAN.

KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD

Servicio rápido por vapores correios desd'a  
 Cruña e Vigo cada tres semanas

#### Línea de América do Sur

Vapor correo rápido . . . «LIMBURGIA»  
 Id. id. id. . . . «Brabantia»  
 Id. id. id. . . . «GELRIA»

#### Línea de Cuba-Méjico e Nova Orleans

Vapor correo rápido . . . «HOLLANDIA»  
 Id. id. id. . . . «FRISIA»  
 Id. id. id. . . . «ZEELANDIA»

Admiten pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.

As prazas teñen que solicitárense con anticipaci3n. Informará sobre precio de pasaxe e cabida

D. Raimundo Molina e Couceiro,-Consignatario na Cruña e Vigo



# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO V—NÚMERO 139 — 30 ABRIL 1921

## A III ASAMBLEIA Nazonalista Galega en Vigo

A primeira Asamblea da Nación galega fixose en Lugo. Na cidade sacramental que bican os aires do Gebreiro, do noso Monsalvato, onde o idealismo celta tornouse en carne e sangue cristiáns..., na cidade cinguida pol-a monumental muralla de pedra pizarrosa... A segunda Asamblea na Compostela gloriosa que foi imperio espiritoal da Europa nos tempos de Gelmirez; na Compostela xúrdia, do románico i-o barroco, ond'as cinzas do Apóstol achán acougo. A terceira, agora, en Vigo, na urbe nacente e moderna...

¡Compostela! A vella cidade de pedra... ¡Vigo! A nova cidade de pedra... Ambas sódela símbolo mais outo das arelas nazonalistas galegas; ambas sódela millor plastificación da "saudade", diviña flor da raza, no granito laborado das vosas ruas i-os vosos edificios... Unha a lembranza, outra a esperanza... O camiño de Santiago soupo sinalar aquela no ceo; o camiño do mundo ultramarino, pol-as ondas do "mare nostrum", vehículo da futura civilización atlántica, pode atopar esta alén das illas Cien. Cando o vello espírito de Compostela, remozado no seo das tradicións s'erga para misturarse c'o novo espírito de Vigo, dándolle os azos señoriaes que somentes o pasado posé, Galiza terá a concencia colectiva que na Cruña comenza a se perfilare, qeais porque a Cruña é fusión de novo e vello en xeito cáseque equilibrado.

A planamaor do nazonalismo galego, tivo agora en Vigo a sua xuntanza anual. Baixo a presidencia de D. Francisco M. Balboa, o primeiro industrial da nosa Terra conscientemente enxebre, capaz de sentimentos propios e de pensamentos propios, os millores poetas da Patria, xunto con profesores e catedráticos,

con xuristas, con escritores, con artistas, con estudantes, con obreiros..., ratificando o idearium do programa nazonalista de Lugo i-estudando os problemas mais esenciaes i-urxentes da Galizia deron un novo exemplo de fe, tenacidade e cultura a cantos inda se non teñen decatado do moito que a todos interesa o conqwerimento da nosa personalidade nazonal esmorecida.

Pol-as novas ruas de Vigo andivo rolando tres días—que foron tres xornadas gloriosas—a Galiza do porvire n'unha abrevatura de vountades representativas que a Historia cinguirá de loureiros. Nas pedras novas da nova cidade de pedra, inda valeira d'idealismo, puxeron as arelas santas dos apóstoles do enxebre, com'o nimbo d'ámbare d'un sol nacente e creadore. Eles levaban nas suas escravinas de pelengrinos d'un ideal eterno o pô da tradición i-o polen do futurismo nas âs do espírito, i-o sacudiren ali escravinas e âas pensaron que o granito da pelra do atlántico percisa s'ennegrecer un pouco co'a pátina d'aquel pô i-aquel pólen, para que a Historia da Galizia que nas vellas pedras da vella cidade de pedra áchase escribida con trazos d'arte imortal, non teña no seo do povo vigués un panteón tristeiro pol-o xeito dos d'os novos ricos...

### Os assembleistas

#### Da Cruña:

Francisco M. Balboa, Antón Villar Ponte, Bernardino Varela, Ricardo Carballal, Xosé García Acuña, Antón Xil Rovira, Luis Peña Novo, Víctor Casas, Xohán V. Viqueira e Federico Zamora.

#### De Santiago:

Francisco Vázquez Enríquez, Xesús R. Culebras, Salvador García Fernández, Felipe Díaz.

Os viños do Ribeiro

## ARNOYA FINO

Sifican o máximu d-a "delicad za"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: Waldo Losada

**De Vigo:**

Xavier Soto Valenzuela, Antón Antas, Manuel Antonio Pérez, Manuel Fuentes, Luis López Cora, Carlos Monasterio, Luis Lafuente, Ernesto Ameixeiro e Manuel Lustres Rivas.

**De Viveiro:**

Ramón Villar Ponte.

**De Ferrol:**

Roberto Blanco Torres, Xaime Quintanilla.

**De Mondariz:**

Enrique Peinador.

**De Monforte:**

Manuel Banet Fontenla.

**De Ourense:**

Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Arturo Noguero.

**De Pontevedra:**

Antón Lousada Diéguez, Manuel Cabanillas.

**De Lérez:**

Valentín Paz d'Andrade.

**De Muxía:**

Gonzalo López Abente.

**De Porriño:**

Ramón Cabanillas.

**De Bayona:**

Xosé Rodríguez de Vicente.

**De Ortigueira:**

Victoriano Taibo.

Mandaron proposicións outros irmáns que coidaban asistir e que por causas alleas á súa vontade non poideron facelo.

## Adesiões

Recibíronse cartas e telegramas adheríndose á Asambleira dos seguintes irmáns:

Luis Ares, de Betanzos; Enrique R. Sabio, Alvaro Cebreiro, Francisco Abelaira, Manuel Roel, Anxel Casal, Manuel Lemus, Antón Martínez, Luis Nogueiras, Xosé S. Moro, Manuel Vázquez, Nicanor Alvarez, Xoán López, Benito Ferreiro, Xulio Piña, Irmandade da Fala e Irmandade Femenina, da Cruña; Fernando Blanco, Abdón Rodríguez Santos, Xosé M. Cid, Florentino López e "Moidade Galeguista", de Ourense; Camilo Díaz, Carlos Pardo Ciórraga, Xosé Campos, López Trasancos, Cerdeiría e "Moidade Nazonalista de Santiago"; Valcárcel, Leuter González Salgado, Fermín F. Pensol, Ojea, Ignacio Rodríguez, Luis Cortón do Arroyo, Guillermo Cedrón, Mosteiro, Xosé Pimentel, Laxe, Pena, Prieto, Avila, Piñeiro, Correa Calderón, Aurelio Ribalta e "Moidade Céltiga", de Madrid; Xosé Vázquez Batalla, de Padrón; Francisco Caamaño, Andrés Bayón, Manuel Villar, Manuel Porto, Luis Carús, Xulio Carús, Francisco Vázquez, Xosé Núñez, Luciano Buhigas, Antonio Patiño, F. Fuentes, Abelardo Gómez, Xosé Martínez, Luis Quintáns, Enrique do Val, F. Poyán e "Moidade Galeguista", de Villagarcía; Xosé Fariña, de Madrid; A. R. Orjales, J. Pardo, Aurelio Selas, Tomás R. Sabio, Xoán Barreiro, Manuel Crestar, J. Arias, Camilo Díaz, Baltasar Edreira, Agustín Alvarez, F. S. Gómez, Sinesio Fraga e "Xuntanza Nazonalista", da Habana; Román Rodríguez de Vicente, Xosé Ares e Xosé V. Golpe, de Buenos Aires; A. Santos Vila, de Vegadeo; Euxenio Charlón, Manuel Sánchez Hermida e Emilio Bidegain, de Ferrol; Irmandade da Fala, de Betanzos; Ramón Golpe, de Cerdido; e moitos mais que agora non lembramos pro que cuase encherían as páxinas d'este número.

## Conclusiões aprobadas

1.ª Os grupos nazonalistas que se vaian formando na Galiza deberán levar o nome de "Irmandades da Fala". Os que xá hai feitos c'os nomes de "Moidades Nazonalistas" e outros o mais axiña posibre deberán trocar esos nomes pol-os de "Irmandade".

2.ª O Consello Permanente se dirixirá a todol-os escritores e artistas galegos preguntándolles a súa opinión respeito ao nazonalismo.

3.ª Todol-os nazonalistas serán suscritores "d'A NOSA TERRA" por ser este o orgo das "Irmandades".

4.ª Na NOSA TERRA farase unha folla na que se fale da actuación do Directorio para coñecemento de todol-os afiliados.

5.ª Todol-os nazonalistas residentes onde non haixa ningún grupo constituído contribuirán coa cuota mínima de 2 pesetas mensuaes ao sostenimento do grupo de Ourense os d'esta provincia e Pontevedra e os da de Lugo e Cruña ao grupo d'esta.

6.ª Sin que esta resolución implique modificación no regramento, a Asambleira acordou nomear até a próxima un Consello Permanente integrado pol-os irmáns Antón Villar Ponte, Manuel Banet Fontenla, Vicente Risco e o 1.º Conselleiro da "Irmandade" da Cruña.

O Directorio fixará axiña as atribucións que ha de ter este Consello.

7.ª Tendo en conta que o problema dos foros na Galiza ten estado parlamentario dende fai 60 anos sin que os gobernos da Hespaña o haixan resolto nin hai ningunha garantía de que lle den unha solución satisfactoria, o Nazonalismo galego ve con simpatía a resistencia dos labregos ao pago das rendas por considerar que este será o único xeito de obrigar ao Estado hespañol a que redima os foros con fondos do presuposto, única solución adoitada aos tempos.

8.ª A asambleira tamén considera ser da mesma urxencia a liberazón de toda clase de gravámenes sobor da Terra.

9.ª A entrega para o aproveitamento particular das terras incultas que o Estado posee e a adopción de medidas legislativas que acaben c'o absentismo dos propietarios.

10.ª Nomeáronse duas ponencias encarregadas de facer un amplo programa agrario e mariñeiro. Componen a agraria os irmáns Luis Peña Novo, Antón Lousada Diéguez, Arturo Noguero e Francisco Vázquez Enríquez. A mariñeira Valentín Paz Andrade, Ramón Cabanillas, Xosé Rodríguez de Vicente e Manuel Lustres Rivas. Os dous programas serán feitos no praza d'un mes e enviados ao Consello Permanente.

11.ª Pedir que todol-os impostos sexan substituídos por un imposto único sobor da riqueza.

12.ª Intervir nas eleccións dos Concellaes, Diputados Provinciales e Diputados a Cortes.

O Directorio acordará en que casos hase de intervir directamente.

13.ª Sin que o ordene o Directorio, ningún afiliado nin grupo nazonalista pode axudar a ningún partido político.

14.ª Encarregouse ao irmán Vicente Risco que faiga un amplo e completo plan pedagóxico das "Irmandades". Deberá facelo n'o prazo d'un mes e remítalo ao Consello Permanente.

15.ª Pedir as cátedras de Filosofía e Ciencias na Universidade de Santiago. Implantación de Nocions de literatura galaico-portuguesa nos Institutos e Escolas Graduadas e creación en Vigo da Universidade Industrial e Mercantil.



Acordouse tamén unha intensa campaña n'este senso.

16. Nomeouse unha ponencia composta pol-os irmáns Ramón Cabanillas, Antón Villar Ponte, Xoán V. Viqueirá e Vicente Risco para chegar á uniformidade no idioma.

17. Que vaia a Portugal unha comisión de nacionalistas como embaixadores dos nosos ideaes.

Pensando facer, moi axiña, un viaxe a Portugal o irmán Vicente Risco, a Asamblea otorgoulle un voto de confianza pra todo o que se relacione c'o estreitamento das nosas relacións co'a nación irmá.

18. O Directorio queda facultado para todo o que se relacione c'o estreitamento das nosas relacións c'os nacionalistas de Catalunya e Euskadi.

19. Ver de facer na Cruña unha Asamblea de nacionalistas ibéricos.

20. O Directorio dirixirase aos grupos nacionalistas das Américas indicándolles a labor que aló deben facer.

Tamén o fará ás sociedades galegas orientándoas na labor galeguista que deben facer nas escolas que sosteñen na Galiza o en outros aspectos.

21. Redactar unha protesta firmada por todol-os grupos nacionalistas galegos contra os bárbaros atropellos que cometen os ingleses na Irlanda. Esta protesta será elevada á Embaixada inglesa de Madrid en caso de estimalo preciso ao Consello da Liga das Nacións e á "Liga dos Dereitos do Home", de Madrid.

22. Solicitar do Goberno da Hespaña o inmediato recoñecimento da República de Irlanda e estudar os medios de dirixirse co'a mesma pretensión ao Goberno da Republica portuguesa.

23. Estudiar os medios de chegar a un entendimento e unha acción común entre todol-os partidos nacionalistas do mundo enteiro.

Para se informare, o Directorio dirixirase ao "Bureau International para la defensa du Droit des Peuples"—Rue de la Prairie 17, Gêneve (Suiza).

24. Iniciar unha intensa e continuada labor de propaganda por medio de mitins e conferencias en toda Galiza. No seu día acordárase cando vai dar comenzo esta propaganda. Para recadar cartos para ela, todol-os afiliados deberán enviar á Irmandade da Cruña as cuotas con que poidan contribuir.

25. Acordouse, e así se fixo xá, dirixirse, aos Concellos da Cruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago e Ferrol rogando que nas festas oficiais sexa ergueita a bandeira galega nos Razos Consistoriaes.

Estes foron os acordos, todos moi interesantes, que con gran entusiasmo ficaron tomados na terceira Asambleia da Nación galega. Agora é preciso que todos nos fixemos na trascendencia que todos eles encerran e procuremos darlles axiña cumprimento. Sobre todo os que se refiren á organización do Partido non deben quedar sin se levar a cabo como son os sinalados c'os números 1, 3, 5, 6, 10, 12, 13, 14, 16, 17, 20, 24.

¡Irmáns! ¡A traballar sin acougo pol-a redención da Nosa Patria!

¡Saude e Terra!

#### Actos de propaganda

¡ Houbo catro, que xa coñecen nosos irmáns: Unha conferencia da Sociedade "La Oliva", que dou Antón Villar Ponte; outra no "Liceo" a cargo de Vicente Risco; outra no "Círculo Mercantil" a cargo de Lois Peña Novo, quen tamén fixo un discurso de propaganda na sociedade agraria de Lavadores.

Na "Oliva" falou igualmente, trazando un paralelo entr'o nacionalismo catalán i-o galego, o Sr. Gil Rovira.

#### Lavadores, campo de cidadanía

Como impresión derradeira, temos que dicire que o fermoso burgo, de Lavadores i-a campia onde se ergue, é un exemplar modelo de espírito cidadá para o resto da Galiza. Ali os agrarios impuñeron a súa vontade colectiva. Aquelo é un recuncho de europeísmo. Son orgulo da Terra e serán a salvación da mesma cando cheguen a conqueriren o santo ideal galeguista por enteiro. Lavadores está chamado a unha misión histórica.

## Traballo lido pol-o irmán A. Villar Ponte na "OLIVA" de Vigo

### Do cosmopolitismo, do universalismo e da mansedume galega

#### INTROITO

Non tiven tempo nin lecer para preparar unha conferencia. Só puiden enxergar n'estas cuartillas, feitas de presa, algunhas ideas, que, espalladas como queira, ó voar da pluma, non sei se lograrán por a vosa benévola e garimosa atención ao par delas. Son com'unha presada de conceptos esquemáticos, apilándose no papel, igual que as contas d'un rosario fallas do fio unidore. Contas de un rosario co'as que eu rezo a cotío as miñas oracións posto de xionllos e debuzado na ara da Terra nai, pregando a Deus pol-o erguemento da Raza que leva no seu seo todol-os xermolos d'unha valorización transcendental no xeito nacionalista.

Para persentarme didiante de vós, tencionei enfiar un bô discurso. Mas, como xa teño dito, non poiden. I-oferezovós, en troques, unhas consideracións moi axeitadas ó ambiente vigués, que levo millor rumiadas na i-alma que espostas han ser aquí. Eu digo-vos que son galego sin rubro algún de localismo. Non nascín na Cruña nin en ningunha outra urbe importante da Patria. Abrín os ollos á luz n'unha vila pequena; percorrín, levado pol-o meu espírito aventureiro, logares d'Europa i-América. I-ó voltar á Terra, co'a imaxen visual da Terra dentro de min, coidando que sô é rexión, que sô é unidade xeográfica real aquela parte do planete cujos caracteres típicos poden acharse presentes n'unha sô visión—así Galiza para nos outros conforme c'o concepto da xeografía moderna—coidando que a paisaxe mdela sua raza de homes, costume a costume, razón pol-a que un povo aparece primeiro que nada com'un repertorio de costumes, é poriso que eu entendo que as enerxías de cada raza teñen de s'aplicaren no propio ambiente, para que rendan o máximo d'esforzo froitifero capaz de levarnos a solidariedade universal da cultura—de que falou Guyau—xa que esta resulta a única forma doada de facer universalismo fecundo. Podedes, pois, irmáns queridos que m'escoitais liberal-os vosos ouvidos do algodón do prexucio. Eu non son d'este nin d'aquel povo; eu son galego. I-o falar en Vigo, sintome tan de Vigo, como considérome da Cruña cando falo na Cruña, e da Compostela cando faio en Compostela, e asin en todas partes, porque para min Galiza é a Terra meiga das nosas paisaxes, and'as voces da raza como páxaros ledos aturuxan e cantan as cantigas populares, ond'a tradición cincea as al-

mas dándolles o sentimento eterno da saudade, onde latexa todo o que é todo noso — ¡santo enxebriño motor do meu corazón.—porque as vilas patrias, ante os ollos pensantes, hasta agora únicamente teñen xeito de puntos suspensivos que a centralización castelán quer trocar en puntos finais da nosa evolución biolóxica.

### O accidental e o esencial

Coidan moitos—e isto xa vai tomando a forza de repetilo xeito de logar común arraigado d'abondo—que a mansedume galega é un carácter específico da raza, e que Galiza pol-o mesmo non poderá chegar á súa redención porque aquela mansedume é algo inxénito en nós.

Afondemos nisto, peneirémolo un pouco para decatarnos doadamente de que si na nosa Terra se houberan feito ensaios de psicoloxía histórica—e valla a fra—e d'outras crases, como se non fixeren de nada dende que Castella 'c'os Reis Católicos achanzou as arelas nazionalistas dos povos ibéricos, hoxe aquela Galiza non semellaría un cimiterio d'almas, onde os únicos lázaros somos nós, os "bós e xenerosos" creadores das "Irmandades".

Eu non sei si existe ou non o "materialismo histórico", estudado por Marx. Mas coido que fenómenos d'orde material poden chegar a abafaren o espiritoalísimo diretriz d'un povo hasta trocalo en unha morta lembranza falla da quentura puleadora de cubizas futuristas, com'o a luz da lua, encanto dos nouturnios, pero estéril para as sementeiras de Terra. Eu coido que cousas accidentaes son susceptibéis d'influencia en cousas esenciaes. E non poño un sorriso irónico i-escéptico, tan siquer, cando leio as verbas de Carlyle respeito á influencia dos traxes sobr'as almas. Ao ver un home vestido á inglesa e axeitándose a cousas exóticas n'un povo calquera, non penso nada; mas cando vexo moitos homes ataviados de tal xeito, e tafegados en faes cousas especialmente en povos novos, maximone que a ideoloxía sentimental dos mesmos vai camiño de cair na esterilidade colonizabel do chamado cosmopolitismo, que abofé non sei que sexa outra cousa—cando d'el se fala con fachenda e non se intenta nada para reaccionar contra él—que a posibilidade do miragre da existencia de corpos sin alma. Vede as modas actuaes das mulleres i-esculcade a moral das mulleres que usan esas modas. Visten como cocotas e non poden deixar de sentiren, moitas veces, como cocotas... honradas según o dito d'algús escritores.

### A necesidade e o progreso

Sexa, pois, ou non, o sexa, un feito positivo o do "materialismo histórico" que estudou Marx, dígovos que o termo "necesidade", determinante de progresos materiaes, confúndese a cotío c'o termo "civilización".

Povo dotado de sensibilidade artística, transmitida pol-a tradición, inda n'un atraso material grande no persente, compre chamarlle culto, atendendo a que posé unha cultura autóctona, filla da paisaxe e do costume, en posibilidade de potencia evolutiva. En troques povos novos, no pleno disfruite d'un progreso material inenso, creados pol-o afán de lucro arredor d'un centro de riqueza terrea, onde tódol-os cubizadores de medo materialista do mundo enteiro acoden com'as formigas ó sucre, non teñen outro xeito de cultura que aquel externo e ficticio que lembra as luas dos espellos onde canto existe en presenza se refrexa fielmente. E vos poño a Galiza como exemplo do primeiro caso i-ó Canadá como exemplo do segundo. E inda que Vigo non é para a miña tése un povo, senon unha cidade nova n'un povo vello, que trunfa e se desenrola mais que por virtudes dos

vigueses, que as teñen, pol-a súa situación xeográfica—pois non sei de virtudes en Vigo superiores ás da Cruña ou Ourens—eu dígovos que esta urbe da Oliva, adiantando e surdindo materialmente con forza maor que outras urbes da Terra, por nada que á cultura se refira resulta mais outa que as outras. E pensade que si Vigo, con maores ventaxas que a Cruña, Ourens e Compostela, verbigracia, pol-a súa privilexiada posición material estratéxica, non supera nas disciplinas do espírito a aquelas fica na categoría de cidade rezagada pesi-ós milleiros de rañaces e de fábricas que olle erguidos. A mocidade viguesa, lembrándolle o estudo de Carlyle sobre a influencia dos traxes nas almas, lle adico estas verbas, que poden ter virtude de semente xúrdia.

Como dixo Vicente Risco que val mais que un fabricante de conservas, xa que un fabricante de conservas podémol-o achar en calquera parte, i-un fabricante d'ideaes—un parteiro de sentimentos non é doado atopalo nin siquer c'o literna de Diógenes, senon por desíño providencial, "crear valores universaes non significa o mesmo que asimilarse os xa creados por outros povos tal que o que se viste n'un bazar de roupas feitas; significa, pol-o contrario, impôr no mundo os valores propios. Non aspirar a cosmopolizar Galiza, senon a galeguizar o mundo." (Eis o ideal puro).

Porque un país, unha cidade cosmopolita—conforme escribiu o mesmo Risco—pode ser un país ou unha cidade colonizados, sometidos a xugo estrano: cidades comopolitas son Saigón e Singapor, verbigracia, sometidas, unha ó xugo francés, outra ó xugo inglés. Oxford e Heidelberg, cidades nada cosmopolitas, son, en troques, creadoras e xermoladoras de valores universaes. Oxford e Heidelberg dominan; Saigón e Singapor aparecen dominadas.

O cosmopolitismo é síntoma d'unha cobiza material. Responde a necesidades corpóreas; non a arelas espirituas. O universalismo, ao rivés, é flor de diferenciación, maturizada nas almas que a paisaxe i-os costumes, co'a tónica tradicionalista, fai xurdir n'un povo, para ben det ódol-os povos ós que resella e fai tributarios d'él pódolles o rubro do seu "ser" eterno. O cosmopolitismo é medio, mentres que o universalismo é fin. Somentes poden crêren na transcendencia do cosmopolitismo os que confundan, que son moitos, o facer cartos c'un fin. O cultivo da nosa orixinalidade racial evos o único que importa; evos o único serio. Porque as riquezas materiaes son transitorias; e povo que deixe de cultivar a súa orixinalidade racial é povo deitado a morrere, sinalado c'unha cruz negra na via Apia da civilización do mundo. Os valores comopolitas son oscilantes e hasta certo punto poderíase decire que áchanse suxeitos á lei da oferta e da demanda. Os valores universaes, pol-o contrario, conquieren cando son faes valores, senso eterno de permanencia. Fenicia morreu e Grecia vive. Y-houbo homes como Kant, que apenas sin saíren do seu chan nativo, semearon na conciencia universal o xermolo de revolucions transcendentales. ¡Triste orgulo o d'un povo que cifre o seu maor mérito no ser cosmopolita! ¡Triste orgulo que ben lles fixo soffire ós Estados Unidos d'América cando a derradeira guerra. Porque eu dígovos que só América poderá ofrecer ó mundo unha civilización considerable, cando vaia perdendo do seu cosmopolitismo e teña nacionalizada a súa i-alma por algús séculos de tradición. Cando esnaquice o rastacuerismo.

### A cultura e os adiantos materiaes

Moitas veces, ¡cantas!, tómase por signo de progreso o cohesionismo de xeito algo mecánico, fillo d'unha auto-disciplina temperamental de que alardeian algunhas razas con fachenda. A cohesión, di-



gan o que queiran certos "cultofilistas", en diversas circunstancias, non supón outra cousa que 'probeza d'espírito coleiitivo ou hipertrofia d'un simplismo espiritual. E inda cabería engadir que o individualismo é a frol por escelenza da cultura, en moitas ocasións rifada co progreso material. ¿Conceberíades unidade n'un país de sabios? Un país de sabios, ¿non sería república calamitosa no orde materialista? E sin embargo, ¿resultaría lícito n'este caso fallarmos d'incultura ou de falla de civilización?

Nos povos de cohesión—os de Alemaña, tipo na Europa—os habitantes déixanse conducire, inda que cultos. Pro esta cohesión dáse tamén sin cultura, hasta nos povos individualistas, entr'os membros de sociedades obreiras, entr'os membros das sociedades agrarias e nos corpos que teñen o chamado espírito de casta. E xa dixemos—facendo unha hipótesis—que, en troques, un pobo de sabios carecería de cohesión. Constituiría balvordo contino de loitas individualistas.

... Pois particularizemos agora o concepto, para aplicalo ás nosas vilas. Eu xa manifestei que son só galego, galego integral, ceibo da placenta do localismo provinciano, ridículo e destruttore, e pol-o mesmo fedes que escoitar co'a serenidade dos homes novos, libres de prexucios, as miñas verbas.

Coido que Santiago, por exemplo, como mais vello e con maores elementos é mais culto que Vigo, en xeneral. Con todo, Vigo resulta cen veces maormente progresivo no orde material: mais progresivo poderíamos dicire, por "mais moderno", que o moderno de senso materialista, responde á lei da "necesidade" por influxo de senso social. Madri, ou por influxo de senso natural, (Bilbao). E decatádevos como voltamos o mesmo que a un "ritornello", ao que denantes vos falaba acerca do "materialismo histórico".

A necesidade utilitaria, non a civilización superior dos seus habitantes fai a San Sebastián unha das urbes mais limpas, saneadas e modernas do mundo. Porque somentes así terá vida e atraguerá vranfegos e turistas. A Habana usa dos baños, non por limpeza temperamental (símbolo de civilización), pois nos tempos do triste domiño hispano usábanse alo o mesmo, con meirande ou mais pequeno "confort", senon por necesidade. Cubanos trasplantados a logares fríos do Norte d'Europa, de non teren cartos, serían igoaes que os nados n'estes pobos. Bãñase mais xente que en Madri, hai mais industrias na Habana que en Madri e Madri é mais culto que a Habana, sin embargo. Os cartos somentes son fecundos cando s'empregan en industrias ou en cousas de xeito cultura. Mais os cartos somentes son fecundos cando s'empregan en industrias ou en cousas de xeito cultura. Mais os cartos non pasan nunca de seren un medio. Y-as industrias trán o progreso moral — no senso do industrialismo spenceriano — moi apeser d'eles, por crearen ambiente de rebeldías obreiras. Crean "ambiente d'inadaptación" das maiorías. Mentres os cartos que se non empregan en industrias nin en cousas d'orde ideolóxico i-artístico, senon en capital i-aforro, resultan perxudiciaes, porque fan xermolar escravos adoladores da riqueza sin alma. Os mesmos "rascacielos" non son un senso de "civilización", como moitos coidan, capaces de lle dar a unha urbe sello de superioridade. Son obra da "necesidade". Pois o gran país civilizado sería aquel no que se non precisasen esqúeriras nin ascensores, mas onde a riqueza i-a cultura fosen tan considerábel como nos de "rascacielos". Y-cu dígovos que o Pórtico da Gloria da vella Compostela val por tódol-os "rascacielos", porque é a inspiración d'un home alumeadá por unha raza...

### Causas do noso esmorecemento

Mas voltamos ó mesmo: a nos decatere do complexo que se fai o esculcamento dos termos civilización, cultura e progreso, comprendendo canto poden no espírito dos pobos, a necesidade, o ambiente, i-as esixencias da adaptación, cando desexamos de cir unha verbas respeito á nosa Raza. Dise da raza galega que é mansa e resiñada. Non hai someillante cousa. A sua mansedume, a sua resignación, deveñen sinxelamente de feitos materialistas. Do "mimifundismo", da emigración, da falla de vias comunicadoras e do acidentado do territorio patrio. Mas sobre todo, do "minifundismo" e da emigración. A prova é que hasta o século XV en que ambas cousas xurden, foi a nosa das razas mais rebeldes e guerreiras. Ela adiantouse en cinco séculos ó bolchevismo ruso i-en mais de cincoenta anos ás revoltas sanguinentas dos rústecos e vilanos na Alemaña contra dos señores; adiantouse tamén—como recoñeceu Castelar — aos ciomprios da Floreza, aos frondistas da Franca, aos comuneros de Castela, aos moravios da Austria, ás germanias de Valença, aos "bon cop de fal" dos payeses catalás. O espírito d'aquela Galiza dos irmandiños que s'ergueron non consentindo ser mandados e rexidos por outros senon por eles mesmos (presentimento da democracia nazionalista) sigue no fondo dos nosos peitos. Aqueles galegos dos tempos de Gelmírez que, como dí a "Compostelana" cada un valía por cen e cada cen castelanos apenas por un", son os mesmos d'oxe, adormentados efecto d'os motivos materialistas que deixamos insinuados.

Pol-a "emigración", Galiza tivo unha povoación sempre pequena, en comparanza co'a que lle correspondía. Y-os labregos e os mariñeiros, quere se dicir, a sua gran masa, "poido vivire"; inda que mal millor que ben, poido vivire. E só, como ensina a Historia, se trastoca un réxime social, económico e político, cando a maoria dos habitantes d'un territorio non acham xa medio posíbel de vida. Pol-o "minifundismo" afixo ó seu espírito a unha individualización axeitada a termar da tranquilidade do fogar homilde, da que nasceu, segun se comprende doadamente, o costume pleiteante e receioso. Pol-o acidentado do terreo patrio e pol-a falla de vias de comunicación, recolléuse en si mesma, axeitándose a un isolamento localista que trouxo as loitas parroquiaes como se fosen batallas de fronteira a fronteira. Atomizouse así a conciencia coleiitiva da raza, e e xa a bárbara centralización castelán poido facelo resto. Desenrollai agora estas verbas esquemáticas, e teredes a explicación cristiña do porqué da nosa decadencia transitoria. Decatarédesvos de que causas materiaes e non d'incultura ou raciaes determinaron a mansedume que se nos supón. Como determinaron tamén que fose a nosa a nazionalidade ibérica mais afundida politicamente.

Prova que esto é certo a conduta que adoitan observaren os galegos en países novos d'América. Son "atrasados", "mansos", mentres áchanse no chán nativo; mas, fora, no "ambiente moderno", non desmerecen dos civilizados indixenas d'esos pobos novos americanos. Isto vos espricará igoalmente por qué os emigrantes, cando voltan en calidá d'"indianos" se non afan e non s'axeitan na sua terra, nin entran en negocios industriaes, salvo escepcións, porque vénse fora do medio onde traballaron e medraron.

Ocorre con esto coma co'as guerras i-as epidemias. Si n'unha cidade galega xurdise unha epidemia que fixera preciso, por causa de forza maor derrubar vellos i-antihixiánicos burgos, derrubaríanse

para tragner logo un progreso. Lembrai o caso de Santander: Santander progresou e dou un pulo despois da catástrofe do "Machichaco". O Canadá fai unos progresos inensos na agricultura, verbigracia. ¿Sabedes por qué? Porque alí os donos de terras, colonos ricos, fan esportacións intensivas, industrializando todo. O mesmo ocurriría en Galiza se fora unha colonia norteamericana ou inglesa.

Non somos, non, "racialmente" mansos nin cobardes. As loitas entre mozos por calquera cousa; o desprezo da vida que teñen a cotío os nosos labregos, próvaos craramente. Son cobardes didiante do "mito da autoridade", de que falou Mella. Sofren tódol-os aldraxes do cacique, considerándoo un home diferente dos mais, pro non sofren nin a sombra d'un aldraxe, d'outro home do igoal d'eles. E isto por falla d'ambiente (cultura, ideal, moral coleitiva). Como sinten o localismo, sentirían o galeguismo (xa fora da Terra, n'outro medio sintono) se poideran comprendelo e si a carencia de vías de comunicación, o isolamento no que viven, lles non abafase, si a emigración non roubara os brazos mozos mais fortes, mais audaces e mais rebeldes e si o "minifundismo" non os individualizara no traballo.

Decatádevos de que se pode ser héroe civil millor nunha cibdade que n'unha vila illada ou n'unha aldeia. Na cibdade canto meirande dase maor solidariedade entr'as xentes para a Xusticia, porque todo ten publicidade e universalidade. N'unha vila pequena ou n'unha aldeia illadas, o heroísmo civil trócase en seguro martirio estéril i-anónimo.

Cesen, pois, todas istas causas d'orde transitorio na Galiza i-a raza voltará a sentirse en potencia expansiva. E para que cesen isas causas temos de traballarmos cantos somos patriotas.

Eu, pol-a miña parte, dígovos que respeito á emigración—que teño por cancro esnaquizador das enerxías autóctonas—axiña publicarei un libro abordando o problema integralmente e que poderá servirse de resposta ás valdeiras verbas que, cabalgando nos tópicos do retoricismo oitocentista, dixo aquí en Vigo fai poucas datas o vello Ortega Munilla, acerca de tema tan interesante.

### O que é i-o que pode ser Vigo

Agora dígovos, vigueses, con verbas de Ganivet, que para embelecer unha cibdade non é d'abondo crear comisións, nin estudar reformas, nin formar presupostos; hay que afinar o público, hai que ter criterio estético, hai que gastar ideas. "Unha cibdade—afirmou Lutero, xa vai para lonxe—non se xuzga pol-os edificios, pol-as ruas i-os paseios, senon pol-as suas institucións culturais e pol-o seu senso cibdadán." Barcelona, fermosa urbe mediterránea, para nós non sería mais que iso: una fermosa urbe, si non supéramos dos seus centros de cultura o da cibdade ideal que cada barcelonés leva no curazón. E Barcelona, tan cosmopolita, faise "universal" pol-o forte senso catalanista que n'ela latexa; mais "universal" que Bilbao, que sendo tan rico e tan cosmopolita, non soupo ainda atopar a sua alma propia.

Eu lembrovos un xuicio d'un gran estadista catalán que percorreu toda Galiza, cando abandonou Vigo: "Vigo—dixo—ainda nin é galego, nin inglés, nin cáseque castelá"... Sô é com'un rapaz forte, espréndido, dono d'un gran patrimonio material, que poderá ser moito si a sua i-álma conquire, com'a conquireirá unha educación comenente." Non coidedes que son mais felices os pobos que, com'as mulleres honradas, non teñen historia, pois isto non pasa de frase feita e hoca.

### A grande obra nazionalista

E agora fixaivos ben: a nosa grande misión de liberar a Galiza, ha vir pol-o tacto de cobados con Portugal e Cataluña. En Portugal e a Galiza, dixo Cambó, áchase a solución do pleito catalán. En Portugal e Cataluña, dixemos nós, áchase a solución do problema galego. Ambas frases xa foron grosadas con agarimo nos xornaes portugueses. E o porvir de Portugal, Cataluña e Galiza pode ire ligado.

Unha alianza extraoficial de catalans, portugueses e galegos, feita pol-os intelectuaes i-artistas das tres nacións, que vaia semeando no pobo arelas expansivas, dará, si quereamos, froitos transcendentales e xúrdios. Sumádo-l-os habitantes de Galiza, Portugal e Cataluña, teráse unha povoación maor que a do resto da Iberia. E decire, que o mais "vivo" da Península, áchase pol-o conto d'isa suma en superioridade numérica e moral sobre da parte castelán. A hexemonía atlantista-mediterránea, sintindo así, porá imporse, másimе cando Euskadi axudaría a ela. Y a base desa hexemonía tentadora (par a que o centro i-o médeodia non han ter forza de resistencia posibel), e coa vountade imperativa en tensión, catalans, galegos e portugueses atoparíanse en xeito adrede de facer alianza fecunda, xermoladora da futura grande Iberia. E sendo Portugal unha das primeirs potencias colonias do mundo, e sendo a República de fala portuguesa da América a mais importante despois da saxona, o galaico-portugués, sin que elo sexa loucura maxinalo, podera aspirar a un imperialismo espiritual no mundo.

¿Queredes ideal mais outo, mais grande e mais patriótico e enorgulecedor que iste? Eu entendo que os nazionalistas galegos temos que chegar axiña a maor unificación posibel, sin mágoa do enxebre, entr'o noso idioma i-o portugués. Así o portugués leráse en Galiza doadamente, acabando coa vergoña de que se nos ofrezza pol-o intermedio do castelán o seu xénio, mais noso que o xenio castelán; así a independencia do noso espírito do de Castela, que nos ten mediatizado, virá de camiño, trunfando o idealismo da terra, para voltar á saudade creadora, na percisa Alxubarrota cultural. Oxe que rexurde o celtismo, unha cultura atlántica, que con nós ou sin nos vaise facendo, daríanos, de sentir o requerimento que para colaborar nela bríndanos o momento histórico, a chave d'América.

Eis o ideal dos bos e xenerosos que non poderán comprender aqueles que, como no mito d'Apuleyo, ficarán sempre en asnos, se non adprenden a comeren rosas.

¡"Ondas do mar de Vigo"—ondas cantadas por Martín Codax—que vosoutras sexades as chamadas a espallar pol-o mundo a nacente civilización Atlántica, como foran as ondas do mare azul as que espallaron outrora a civilización clásica!

## Un consello

Convén fincar na custión de propaganda e actuación política, e ver d'organizar unha xunta ou directorio ou alog que se mova, e que se endereite a vermos d'estreitar relacións con nazionalistas catalans, fascos, etc., pois ainda que non poida naber un partido nazionalista hespañol, xurrido no espírito de uniformidade, cousa pol-o xeito podería facerse e o traballo de todos e cada un dos nazionalismos ibéricos cobraría novos azos ao se sentire xunguido e esforzo dos demais.

Dr. BANET FONTENLA



## UN, DO!... UN, DO!

### Santiago aldraxado por un fato de parvos

O deputado por Santiago, Sr. Moreno Tilve, e algúns concelleas d'aquel Axuntamento, ofreceron para coartel parte da Escola de Veterinaria.

Santiago é un povo morto e sepultado baixo pedras groriosas. Mortos os estudantes; mortos os catedráticos, todo morto. Povo de cultura fría e tolledora que fai almas con rixidez cadavérica.

Porque si asin non fose ergueria sua voz en rexa protesta contra d'esa bárbara estupidéz.

As belas tradicións de Santiago parecen truncadas. Alí a Universidade é inútil. O ambiente artístico estéril.

Pois que leven un coartel a Universidade. Que troquen en pesebres as mesas das aulas. Que leven outro coartel para o pazo de Gelmirez. Que faigan do Pórtico da Gloria un almacen de cebada. Que asfalten as ruas e derruben os soportaes antigos.

O Santiago d'oxe, polo que se ve, non é digno de ter Universidade. O Santiago d'oxe prefere a un laboratorio científico un coarto de bandeiras. Sinte maor entusiasmo por Marte que por Minerva: En troques a Cruña ou Vigo darían tódol-os coartés por una Universidade.

## PENEIRANDO

Héctor de Saavedra, un dos millores críticos cubanos, galego segun el dí, no "Diario da Marina", da Habana, falando da "Casa da Troya", escribiu: "Pérez Lugín ha nacido en la provincia de Pinar del Río, en un pueblo que se llama San Diego de los Baños."

¿Lugín vultabajero? Eis un bô descubrimento. ¿Como no, criollo?

¿E il, o mesmo que Colón, ocultando o lugar do seu nacemento! ¿Chamándose fillo de Madri!... E facéndonos o favor de se sentire galego. Cando non andaluz.

Seguramente ô argallante hespañoleiro Lugín dixéronlle de neno que viñera de Madri, com'a outros

lles din que veñen de Paris.

¡Ora o demo! Xa ten de que falar si quere a "Voz de Galicia".

\*\*\*

Un señor na "Concordia", de Vigo, propón que ô mesmo tempo que a Alexandro Barreiro se lles faga un homenaxe a Rey Alvide, Antoñito Fernández Tall e Rodríguez Elías.

Merécenno tan ben coma o director da Gaceta do Marqués do Espliego na Cruña.

Y-you anda a corda para todos ou para ningún.

¿N'é certo, ridículo García Martí? (Escritor fracasado metido a cronista de salóns).

\*\*\*

Rof Codina, este notabre propagandista da cultura agro-pecuaria, fixo un bô servició a Galizia provocando a protesta de diversas entidades contra o furor militarista do deputado i-os concelleas santiagoueses.

E Rof Codina é catalán. Y-as primeiras entidades que sairon en defensa do sentido común cruñesas.

## Un escolante modelo

Na Festa da árbore en Cariño pronunciou un bô discurso o culto mestre d'escola José Pérez Yánez. N'él tivo grandes loubas para a nosa lingua censurando ôs galegos que hoxe o desprezan, desprezándose a si mesmos, por eoidalal que non é cousa "chic".

O Sr. Yánez lembrólles a cantos ouvianno que foi o idioma oficial tres séculos, que n'ela escribiu as suas cantigas o Rei Sabio i-o "Código das Sete Partidas" no que hai preceptos que inda agora teñen realidade nos povos civilizados. E que somentes impúxosenos o castelán para nos dominare.

Nosa embora ô Sr. Yánez a quen dend'hoxe temos por un bô irmán, por un escelente patriota e por un mestre exemprar digno de tódol-os aloumiños.

## DEÑDE MADRI

### Aos equipos galegos de foot-ball

Iste artigo non vai esquirto baixo a influencia d'un partido que se perdeu, non é a resulta da eliminazón do noso campeón do campeonato d'Hespaña, sinon que é froito d'ouservaciós de moitos anos. Isas observaciós premiten afirmare qu'o campeón d'Hespaña xa-mais o poderá ser ningún equipo galego. ?

A Federación hespañola, composta d'elementos

istranos a nós e a pirmeiramente intresada en que non-o sexamos. Isa Federación, n-a que o Consello directivo háchase formado por casteláos e vascos principalmente, tén, coma é lóxico inda que non de xustiza, a cobiza de qu'os campeós sexan os seus equipos e co as cousas esí, forzosamente teñen de sélo.

Cando se van convencer os nosos xugadores que nos partidos de campeonato que oxe se xogan infruye moito, d'un xeito inxusto o "referée" ¿E nós, témos "referées"? Non; nin nos cumpren; a forteza física da Raza non conquerría nada con trunfos así porparados.

Ora bén; coido que pra isto hay soluzón e si os equipos galegos a aceitaren a cousa ficaría resoltra. Eis o motivo d'istas liñas.

Tiñase de escomenzare por desleigar por compreto a Federación galega da hespañola, pra poder obrar con compreta independenza, sin ademitir ordenes de ningunha crás. Unha vez qu'a nosa Federación fose a mais outa autoridade do "foot-ball" da nosa Terra, escomenzaría a autuar orgaizando todol-os anos o Campeonato Nazonal Galego sin preocuparse prá nada do hespañol.

Ora xurde a pregunta: ¿Non se creería medo ista abstenzón? Que non é así, é ben doado de demostrar. O que o campeonato se xugase somentes en Galiza, non implica que se non contendese c-os demais equipos da Peninsua. No habería inconveniente en faguer partidos, fora do campeonato, con outros equipos portugueses, cataláns, vascos e hespañoles, e non limitarse ós equipos peninsuares sinon tamén concertar a maoría de partidos posibel c-os equipos ingleses, franceses, belgas, alemáns, etc...: isa era a maneira qu'o "foot-ball" progresase como debe. N-ises partidos, desleigados por compreto das cobizas paixonaes dos que mangonean os actuaes campeonatos, se podería afinicar d'un xeito mais reial o verdadeiro valimento dos equipos.

Non se me oculta que algús pensarían que sería cativo o campeonato nazonal galego pol-os poucos equipos verdadeiramente fortes que témos, pro a isos dirialles que ficaba todo resolto c-a Federazón Galatco-Lusitana de "foot-ball"... I-os equipos, xa xurdirían.

Feitas así as cousas poderíase falar de "Campeonato ibérico", pro, dende logo, traguendo pra tales partidos xueces de nazós istranas por compreto ós dos equipos loitantes. I o viría dempois.

Pensen os deportivistas galegos sobor do que lles deixo esposto e si a ideia lles parece aporveitabel que a recollan e con iso, ó meu cativo entender, traballarían por dúas cousas: pol-o progreso do "foot-ball" galego e pol-a afirmazón da nosa nazonalidade, ó cal están obrigados como galegos e como sportistas.

Eu coido que co-istas miñas verbas, homildes por ser miñas pro cheas de sinseleza, cumpro c-as dúas cousas.

Modesto Siñeiro

## AVALA!

Hei d'ir contigo ao alén,  
aonde tu vaias;

só contigo  
porque tu sola me amas.

Hei d'ir contigo a aqués cantos ignotos  
das ben remotas praias,  
illas de luz en soños  
no gurgullar das augas.

Hei d'ir contigo ao alén,  
onde as almas exhalan  
o arrecendo subtil  
do Ben en flor,  
e canta  
a saudade da nevoa  
como os teus ollos embazados, mansa.

Que ninguén-o saiba! Que ninguén me veja,  
alma!  
fugir contigo ao alén,  
aonde tu vaias.

Fai do teu seo berce misterioso  
e cubre-me co manto da Esperanza.  
Avala agora manseliñamente,  
muito suave,  
avala.

Quero soñare en ti porque en ti moran  
as miñas doces ansias,  
Un beijo!  
Avala agora manseliñamente,  
muito suave,  
avala!...

V. TAIBO.

## Os galeguistas e Portugal

Como resposta a un telegrama que lle dirixiu ao Presidente da República portuguesa a «Irmandade da Fala» da Cruña, aquél ten enviado o seguinte:

«Agradezo sinceramente homenagens que os nacionalistas galegos prestaron por meu intermedio a memoria augusta dos herois desconhecidos de Portugal».



Camiseria, Corbatería  
e Guantería

**Enrique Roca**

REAL, 28-A CRUÑA

**NOVELTY**  
PLANCHADEIRO DE MODA  
**GRANDES TALLERES**  
DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

*Despachos centraes:* A CRUÑA, Cantóu Pequeno 12  
VIGO, Praza da Constituzón, 12

*Sucursaes na Cruña:* Estreita de San Andrés, 12  
Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

*Sucursal en Vigo:* Circo núm. 5

Todal-as nosas sucursaes ostentan un letreiro como sinal, qu'é reprodución da marca de garantía xa conecida.

Recíbense encárragosde fora, y-espídense por meio das nosas sucursaes. Si no lugar onde vostede reside non-a hay, sírvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encárragos.

**Os viños e coñas millores**

son os qu'eisporta a casa PEDRO DOMEQ de **Xerez Fron-  
teira**, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

**O vermouth máis selecto**

de mundial e reconecida sona é o **Cinzano** (Torino).

**Pra viños de mesa**

non hai outros com'os dos cosecheiros eisportadores señores

**R. López de Heredia (Haro)**

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante eisclusivo (matriculado) de todas istas marcas:

**JOSÉ C. JUNCOSA**

Galera 39 e 41 - 2.º piso-A Cruña

**PAULINO FRÉIRE**

BOUZAS-VIGO

Sucursaes: en CRUÑA--FERROL

Redes d'algodón pra tarrafa.

Aparellos, armados e en panos, pra barcos  
pesqueiros'

Malletas de abacá e cáñamo alquitranado.

Cables de aceiro, ingleses.

Aceites mineraes e vexetaes, e surtido  
compreto pra maquinaria e pesca.

—= Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA =—

**"Patente-Salvavidas"**

O millor pra pintar os fon-  
dos dos barcos. Ganou Di  
prima de Honore, Gran pre-  
mio e medalla de ouro nas  
Exposiciós de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mirambell

VIGO-CRUÑA

**O Café Novo**

Urzáiz, II -- BAYONA

**O DIPUTADO POR VEIRAMAR**


Novela de Gonzalo López Abente

Esta interesante e modernísima novela en idioma galego,  
está posta a venda nas principais librerías de Galicia.

**PRECIO: 8 REAS**

**Véndese**—Na Cruña, Administración «A Nosa Terra», e  
Irmandade da Fala.—Ferrol, Librería de Comadira e de Ger-  
rardo Castro, en Lugo.

# COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidade  Servicios direitos dende o porto da Cruña

Próximas saídas pra Habana e Veracruz

Direitamente da Cruña saídrá para Habana e Veracruz o

## Vapor ESPAGNE el 9 de Maio

Prezos en Cámara

	HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías) . . . . . »	1.350 a 3.600	1.475 a 3.500
Segunda crase . . . . . »	1.100	1.200
Preferencia . . . . . »	950	1.010
TERCEIRA CRAS . . . . . »	500	515

A estos precios hai que añadir os impostos

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente.

O pasaxeiro que desee embarcar ten de remitir seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza. Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Pra toda cras de informes sóbor de datas de saída, prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consinatario.

**D. NICANDRO FARIÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo**

# COMPAÑIA CHARGEURS REUNIS

Compagnie Francaise de Navigation

### Línea Habre-Plata

El día 2 de Junio saídrá directamente de este puerto para los de Brasil, Montevideo y Buenos Aires, el vapor rápido

## MALTE

Admite pasaxeros de 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup> económica e 3.<sup>a</sup> clase.

Precio del billete en tercera clase, 536'75

### Línea Brasil-Plata

El día 9 de Mayo, saídrá de este puerto para los de el Brasil, Montevideo y Buenos Aires el magnífico vapor rápido de 10.000 toneladas

## QUESSANT

Precio del billete en 1.<sup>a</sup> clase, a Río Janeiro, ptas. 2.044; a Santos, 2.100; a Montevideo, 2.380; a Buenos Aires, 2.464.

En segunda económica, a Río Janeiro, Santos, Montevideo y Buenos Aires, pesetas 952.

NOTA.—Niños menores de 2 años, uno gratis por familia; de 2 a 5 años, cuarto pasaje; de 5 a 10 años, medio pasaje; y mayores de 10 años, pasaje entero.

Es necesario presentarse en la Agencia con cinco días de anticipación.

Para toda clase de informes dirixirse a los Agente generales para Espana:

**ANTONIO CONDE (Hijos) Telegramas: CHARGEURS-Plaza de Orense, 2-CRUÑA**

# COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Saída do porto da Cruña para Bahía, Río de Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos-Aires

O día 21 de Marzo saídrá da Cruña o paquete correo

## SAMARA

de 10.000 toneladas, admitindo carga e pasaxeiros.

	Pernambuco	Bahia	Río Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
En primeira crase. . . . . Ptas.	1.215'90		1.506'90	1.555'40	1.700'90	1.749'40
En segunda crase. . . . . »	894'95		967'70	991'95	1.064'70	1.113'25
En segunda intermedia . . . . . »	690'50		690'60	690'60	690'60	690'60

Prezo do pasaxe en 3. crase a Brasil, Montevideo e Bos Aires (includidos impostos), Pesetas 521'75

Para mais informes dirixirse aos seus consinatarios:

**ANTONIO CONDE (Fillos) Praza d'Ourense, 2--A CRUÑA**